

NOTICIAS DE VALDOVIÑO

Os voluntari@s lucenses de ADEGA traballaron o día 2 na praia de Frouxeira, a maior de Valdoviño. Eran case vinte dun total de cincuenta que limpaban alí, incluídos oito de TRAGSA, estes non moi eficaces polo que parece.

Nos 5 km² que cubriron, traballando desde as 11:00 ás 17:30, sacaron cinco pas de chapapote en tortas, parte del seco e parte novo. A esta zona da costa, perto de Ferrol, leva chegando fuel varios días, e cando os nosos voluntarios o deixaron seguía a chegar.

Contan que do Concello de Valdoviño recibiron bo trato e encontraron unha adecuada organización. Explicáronlle-las medidas que adoptaran para protexe-la súa lagoa, un auténtico viveiro natural de alto valor ecolóxico. Reciben voluntari@s dos que chegan particularmente, aínda que non sexa en grupo.

Algúns asturianos queixábanse de que os servicios da Xunta os mandaran dun lado a outro do país ata chegar a un sitio onde poder traballar. Está visto que os da Xunta non aprenden. Ou non queren.

MOBILIZACIÓNS E APOIOS

A do día 1 foi unha gran noite. Fixémo-la Treboada Expansiva (centos de persoas co fragor de potas, tambores e berros de orde) e mailo Concerto Expansivo (no Auditorio e outros dez locais); na provincia houbo moitos máis actos e concertos.

Por outra banda, ó Luís Tosar déronlle un Premio Goya. O noso paisano presentouse para recollelo coa súa pegatina de *Nunca Máis* e falou como correspondía. Luís, desde Lugo, gracias. Aínda sen iso, ben sabiamos que es dos nosos. Para o día 9, *NM* convoca unha manifestación comarcal na Coruña. Nela evocarase a realidade histórica da emigración e manifestarase a vontade de que o desastre do "Prestige", co seu ronsel de abandono e incompetencia, non nos volva mandar ós galeg@s polo mundo adiante.

Nunca Máis, en Bruxelas: VISITA DO PE Á COSTA DA MORTE POSIBLE COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN

Os días 29 e 30 de xaneiro, Uxía Senlle, Francisco Iglesias e Suso de Toro, representando a plataforma, estiveron na sé do Parlamento Europeo para entrevistárense con diversos deputados e representantes de diferentes grupos parlamentarios. Os resultados da súa xestión son estes:

O día 5 de febreiro, unha comisión da Delegación de Ambiente do PA visitará o noso país. En Fisterra entrevistarase con representantes da Administración do Estado e de *Nunca Máis*.

Renóvase a posibilidade de abrir unha comisión de investigación sobre a catástrofe no ámbito das institucións europeas. Sería unha comisión temporal, a partir

PROPÓSITO
Pouco a pouco, deixamos de ser "noticia". O cansazo, as audiencias, intereses políticos, todos estes factores vannon afastando de portadas e análises informativas de fondo. Sen embargo, o "Prestige" segue vertendo e o fuel chega á costa. Os mariñeiros continúan mobilizados e a sociedade civil alerta: as bandeiras de <i>Nunca Máis</i> nas nosas vivendas así o demostran. De todo isto e para todos, tentamos mante-la conciencia. Que non nos abandona, digan o que digan.

A CORO PIÑEIRO
Di a nova delegada da Consellería de Familia que inda non pode opinar sobre a coordinación do voluntariado desde a Xunta de Galicia. En todo caso, engade, "lo que si es comprensible es que al empezar a coordinar una actividad tan nueva y de tal magnitud la Xunta se viese desbordada". O grao de "desbordamento" que chegou a presenta-lo goberno galego na súa xestión deste desastre é dificilmente comprensible. Sobre todo, tendo en conta que nas Rías Baixas a xente sóbouse organizar con eficacia coñecida, e que houbo concellos, por exemplo o de Vigo ou o de Pontevedra, que chegaron a mandar material para onde non o había. Se engadimos a isto que un alcalde do PP, o de ¡¡¡Muxía!!!, non cansou de dicir que lle sobran voluntari@s, coa vila, praias e penedos negros de arriba abaixo, a sra. Delegada comprenderá, ela si, que o que di non parece moi convincente. Xa que acaba de chegar, esperemos que se informe.

da cal se podería obter información sobre o desastre, aprobar axudas económicas e promover un cambio de lexislación.

Durante tres meses, vanse realizar audiencias no ámbito do Parlamento Europeo para investigalo caso "Prestige". O Presidente da Comisión de Política Rexional e Transporte, Luciano Caveri, comprometeuse a convidar a *Nunca Máis* para participar oficialmente.